

BASES DE INSCRICIÓN DA VI MOSTRA DE CINEMA DO ROSAL

Ábrese o prazo de admisión de curtametraxes e outras obras audiovisuais para participar en a **VI edición da Mostra de Cinema do Rosal**.

1. Obxecto

A Mostra de Cinema do Rosal, Baixo Miño, ten por obxecto fomentar a cultura cinematográfica a través das curtametraxes, facendo ver ao público que son cinema. A Mostra ten carácter internacional e admítense curtas de calquera temática e país de procedencia.

2. Organización

Está organizado pola asociación Ghorghalado.

3. Celebración

A Mostra celebrarase durante os meses de xullo e agosto de 2026. A proxección das curtas finalistas desde o 5 ao 8 de agosto.

4. Lugar

Haberá proxeccións en diferentes localizacións da comarca do Baixo Miño. A proxección das finalistas será na Praza do Maio de Tabagón, O Rosal.

Cando menos as proxeccións destas últimas serán ao ar libre en horario nocturno.

Con posterioridade, durante o mes de agosto, e co fin de darlle a maior difusión posible, proxectaranse seleccións das finalistas en diferentes lugares da comarca.

5. Inscricións

O concurso está circunscrito a curtametraxes. Outras obras que se presenten, mesmo longametraxes, poderán ser exhibidas fóra de concurso.

Pódense presentar curtas a concurso ou fóra de concurso. Se non se indica nada, entenderase que a inscrición é para concursar. Só entrarán na fase de concurso as obras que non excedan de 30 minutos, incluídos créditos. As de duración superior poderán ser exhibidas fóra de concurso ao longo de toda a Mostra.

A inscrición é gratuíta. Poderá facerse na dirección de correo curtas@mostracinemarosal.org, a través da páxina web da Mostra de cinema do Rosal completando o formulario correspondente ou por medio de calquera das plataformas nas que está dada de alta a Mostra.

Para calquera dúbida, contactar co correo contacto@mostracinemarosal.org

Na ficha de inscrición da obra debe especificarse claramente quen ostenta a representación legal da mesma.

No caso de conseguir premio con dotación económica, esta ingresarase á representación legal designada. Calquera pago feito á devandita representación legal liberará á organización da Mostra de responsabilidade se o pago debía facerse a outra persoa.

Os autores ou autoras das obras deberán contar cos permisos necesarios para utilizar imaxes ou música que non sexan da súa autoría.

6. Prazos

O prazo de presentación vai desde o 01/02/2026 ata o 20/06/2026, ambos inclusive. As presentadas con posterioridade poderán ser proxectadas, pero sempre fóra de concurso.

O concurso constará de dúas fases: selección oficial a concurso e finalistas. De entre estas últimas saíran as gañadoras.

Con fecha límite no 06/07/2026 comunicarase aos autores e publicarase na *web* as obras seleccionadas a concurso. Antes do 13/07/2026 comunicaranse reservadamente aos autores as gañadoras.

As obras seleccionadas serán proxectadas dentro da programación da VI Mostra de cinema do Rosal, a celebrar nas datas antes indicadas. As finalistas proxectaranse nas xornadas do 5 ao 8 de agosto de 2026. A entrega de premios o 09/08/2026.

7. Posta a disposición das curtas

Deberase proporcionar unha ligazón a Vimeo, Mega, Google Drive ou calquera outro sistema que permita a descarga da obra sen perda de calidade.

Xunto coa curta, proporcionarase o cartel correspondente, en PDF ou calquera formato gráfico, preferiblemente nunha resolución de 300 ppp, así como unha sinopse da mesma e demais información; dirección, elenco etc. Recoméndase o envío dun *trailer* que se poderá publicar na *web* da Mostra.

A organización da Mostra poderá publicar un breve fragmento das obras presentadas na páxina *web* para información do público e publicidade, acompañada sempre dos créditos suficientes para informar, como mínimo, das persoas creadoras.

A organización non cederá en ningún caso as obras presentadas a terceiros, salvo permiso explícito das persoas autoras ou representante designando.

8. Condicións técnicas

Os formatos admitidos para concursar ou participar deberá ser:

- AVI, MOV, MP4, MKV ou MPEG
- *Bitrate* max. 15000 kbps.
- *Audio* AAC
- Resolución: 1280X720 ou superior. Recoméndase 1920X1080 ou 4K.

9. Idioma

Admítense curtas en calquera idioma.

Se os diálogos non son en galego ou castelán, deberán presentarse os correspondentes subtítulos en calquera dos dous idiomas. Admítense subtítulos incrustados pero recoméndase un arquivo .srt ou similar aparte.

A simple presentación dunha obra, facultará á organización a traducir os subtítulos ao galego. Esta tradución estará posteriormente á disposición do titular da curta sen cargo algún.

10. Exclusiones

A condena firme por calquera delito do ámbito da violencia de xénero dalgún produtor, produtora, director ou directora, provocará a suspensión inmediata da proxección e quedará fóra do concurso de ser o caso.

11. Categorias a competición e premios

Establécense as seguintes categorías e premios:

- 1) Premio do xurado á mellor curtametraxe.
- 2) Premio do público á mellor curtametraxe.
- 3) Premio do xurado ao mellor guión.
- 4) Premio do xurado á mellor actuación (feminina ou masculina).
- 5) Premio do xurado á mellor fotografía.
- 6) Premio do xurado á mellor social.
- 7) Premio do xurado á mellor curta de temática rural.

Enviaranse os correspondentes loureiros para as obras que entren na selección oficial, resulten finalistas e finalmente ás gañadoras, a medida que finalicen as sucesivas fases da Mostra.

No seu caso, a dotación económica comunicarase con antelación suficiente á celebración da Mostra, indicaranse en cantidades brutas. Sobre eles aplicaranse no seu momento as correspondentes retencións esixidas segundo a lei vixente.

A organización non se fará cargo en ningún caso das comisións por realizar transferencias de crédito a contas correntes non europeas polos premios outorgados.

12. O xurado

Estará formado por xente ou profesionais dos ámbitos do cinema, do audiovisual, da música, da comunicación e da cultura.

Será anunciado antes do inicio da Mostra e a súa decisión será inapelable.

Para facilitar os premios do público, haberá un sistema de voto con todas as garantías. Gañará a que consiga mellor media aritmética, resultante de dividir a puntuación total obtida entre o número de votantes.

O público poderá votar ata 30 minutos desde que finalice a última proxección finalista. Poderase declarar deserto un premio polo xurado, debendo fundamentar a decisión. No caso dun premio ex-aequo con dotación económica, esta repartirase ao 50%.

O xurado poderá establecer as mencións especiais que considere oportunas.

A organización da Mostra resérvase o dereito a tomar as decisións que se estimen oportunas en todos os casos non previstos nas bases, sempre con audiencia da parte afectada.

A participación nesta convocatoria implica a aceptación destas bases.